

ACTA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO 27 DE XUÑO DE 2022

ASAMBLEÍSTAS ASISTENTES PRESENCIALMENTE:

	FEDERACIÓN GALEGA DE:	PRESIDENTE OU REPRESENTANTE
1.	BALONMÁN	BRUNO LÓPEZ MOLINA
2.	BOXEO	MANUEL PLANAS OTERO
3.	CAZA	JAVIER NOGUEIRA DIZ
4.	CICLISMO	JUAN CARLOS MUÑIZ NIETO
5.	ESPELEOLOXÍA	FRANCISCO MANUEL MARTÍNEZ GARCÍA
6.	REMO	JOSÉ MANUEL SEIJAS GALÁN
7.	TAEKWONDO	JUAN CARLOS EIRIZ LÓPEZ
8.	SALVAMENTO E SOCORRISMO	NURIA RODRÍGUEZ SUÁREZ

PRESIDENTE

9.	FÚTBOL	RAFAEL LOUZÁN ABAL
----	--------	--------------------

SECRETARIO

10.	BALONCESTO	FRANCISCO MARTÍN MICO SUSANA FERNÁNDEZ FIUZA
-----	------------	---

ASESORIA:

11.	ASESORÍA LEGAL	RAFAEL ALONSO MARTÍNEZ
-----	----------------	------------------------

COORDINACIÓN

12.	COORDINACIÓN XERAL UFEDEGA	CARMELO GALIÑANES FERNÁNDEZ
-----	----------------------------	-----------------------------

Sendo as 17:00 horas do luns 27 de xuño do 2022, constitúese a Asemblea Xeral da Unión de Federaci3ns Deportivas Galegas na Sede da Real Federaci3n Galega de F3tbol en Santiago de Compostela, en sesi3n ordinaria e en segunda convocatoria coa asistencia de 10 assembleístas arriba relacionados, baixo la presidencia de D. Rafael Louz3n Abal, presidente da mesma, e coa actuaci3n do secretario, que fai expresa manifestaci3n do recoñecemento da identidade de todos os asistentes, e estende a presente acta para tratar os seguintes puntos da orde do d3a:

Tomou a palabra o presidente da UFEDEGA que dou a benvinda ós asistentes (punto nº1) , e que continuou co “Informe do Presidente” (punto nº2). Neste punto o presidente citou a todos os membros da Xunta Directiva da UFEDEGA e expuxo todas as actividades realizadas pola UFEDEGA durante este ano así como as novas propostas a levar a cabo.

(Punto 3) Presentación e aprobación, se procede, das contas do exercicio 2021

O presidente cede a palabra ó tesoureiro da UFEDEGA, Javier Nogueira, presidente da Federación Galega de Caza, quen explica de maneira sucinta todos os apartados das contas remitidas na convocatoria da asemblea a todos os asembleístas.

(Punto 4) Aprobación se procede das cotas para o exercicio 2023

Continua co uso da palabra ó tesoureiro da UFEDEGA, Javier Nogueira, presidente da Federación Galega de Caza, que indica que por decisión da Xunta Directiva da UFEDEGA se procede a anulación da cota para o ano 2023.

(Punto 5) Aprobación, se procede, do orzamento de ingresos e gastos do 2023

Continua co uso da palabra ó tesoureiro da UFEDEGA, Javier Nogueira, presidente da Federación Galega de Caza, quen detalla os orzamentos do ano 2023

Unha vez expostos os tres puntos anteriores procedeuse a votación sendo as contas anuais, o orzamento do ano 2023 e a anulación da cota do exercicio 2023, respaldadas co voto afirmativo por unanimidade.

(Punto 6) Creación dun comité para a busca de recursos externos en colaboración ca Secretaría Xeral para o Deporte. Bruno López, Vicepresidente da UFEDEGA explicou a necesidade das Federacións de obter recursos económicos e implicar as grandes empresas de Galicia, crearase unha proposta para enviar a Secretaría Xeral para o Deporte para que nos acompañe nesta busca de recursos privados.

Auditorías obrigatorias ás federacións, punto 7, solicitado por varias Federacións Deportivas Galegas para trasladar a Xunta de Galicia a necesidade de comezar os procesos de auditoría obrigatoria a inicios de ano, xa que moitas federacións realizan unha auditoría por vontade propia para presentar as contas da Federación en Xuño. Isto con leva que moitas federacións fagan dúas auditorías o ano, co traballo que isto lle supón.

(Punto 8) Clúster Galego da Industria do Deporte e o Benestar, invitación a afiliarse o Clúster, a asemblea acepta a invitación, pero trasladarase a xunta o posibilidade de que o custe sexa asumido polo convenio e se pedirá o clúster os beneficio que lle reportará a UFEDEGA pertencer a esta asociación.

Antonio Rodríguez de CINFO, explicou o Proxecto audiovisual no cal se está traballando en colaboración ca Xunta de Galicia, que consiste na instalación de cámaras con intelixencia artificial en instalacións deportivas.

6. Rogos e preguntas

Conclúe a reunión a las 18:30 horas, actuando como secretario da UFEDEGA D. Francisco Martín Mico. Fírmase a presente acta en conformidade con seu contido.

Fdo. Francisco Martín Mico



Fdo. Rafael Louzán Abal



Presidente UFEDEGA

